



VISIÓN, MISIÓN E VALORES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Documento para o Plan Estratéxico da UDC 2022-2026

(aprobado no Consello de Goberno do 30.11.2021 e no Claustro do 10.12.2021)

Introdución: Novos retos globais

A situación de pandemia provocada polo COVID-19 dende comezos do ano 2020 puxo de relevo a grande importancia da investigación e a innovación. Do mesmo xeito, a nova conxuntura demanda un maior grado de colaboración tanto no eido público como no ámbito público-privado. Simultaneamente, a deterioración progresiva do medio ambiente, a sobreexplotación dos recursos naturais ou a deforestación están causando desordes nos ecosistemas naturais e acentuando o fenómeno do cambio climático. A ausencia de mecanismos eficaces por parte dos Estados ou mesmo das entidades supranacionais que permitan controlar a actividade económica desenvolvida a nivel global agrava aínda máis o problema. De igual xeito, as economías máis avanzadas están a concentrar máis a riqueza en detrimento dos países menos desenvolvidos, e mesmo xeran desequilibrios dentro dos mesmos. As desigualdades sociais e o risco de exclusión social é cada vez máis notorio. Trátase, por tanto, dun novo paradigma e dun novo escenario que demanda solucións globais nos eidos medioambiental, económico, social e institucional.

Estas solucións globais residen na xeración dun coñecemento moito máis especializado, no desenvolvemento da I+D+i e nun papel moito máis proactivo e liderado polos axentes capaces de xerar ese coñecemento (universidades, centros de investigación ou centros tecnolóxicos). Un bo exemplo foi comprobar como a colaboración público-privada e a investigación no campo da inmunonoloxía, da viroloxía e do *big-data*, posibilitou o fito histórico de desenvolver unha vacina contra a COVID-19, e ademais facelo nun tempo récord, feito que, a priori, parecía difícil de conseguir.

Como consecuencia da crise, todas as economías sufriron un grande impacto, onde sobresaí o noso país, cunha caída do PIB no ano 2020 dun 11%. As consecuencias desta crise afondaron nos problemas anteriormente mencionados (cambio climático, concentración da riqueza, desigualdades sociais, risco de exclusión social, etc.) e puxeron de manifesto dous grandes retos globais como son a dixitalización e a sustentabilidade. No eido da dixitalización, tamén é necesario potenciar a dimensión humana do proceso de transformación dixital. O reto global da sustentabilidade evidénciase a partir de tres dimensións principais, que son a base da transición ecolóxica que estamos chamados a acometer: a dimensión económica, a social e a medioambiental. Existe, ademais, un risco alto de estancamento da actividade económica e de subida xeneralizada de prezos, fenómeno coñecido como estanflación. Xorde, así, a necesidade de se recuperar, transformar a sociedade e de facer fronte dun xeito resiliente a estes novos retos.

Contamos, para isto, co coñecemento especializado. Así, o obxectivo desta universidade é reforzar a investigación, a transferencia e a innovación tanto no que se refire ao apoio de persoal e medios humanos como ao apoio en medios económicos e organizativos para ter éxito na obtención de recursos económicos postos a disposición pola Unión Europea por

medio do denominado Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR). A partir deste contexto actual no que se atopa, a UDC define a continuación a súa Visión, a súa Misión e os seus Valores.

2. Visión

No horizonte das vindeiras décadas, a dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e desa transición cara a un modelo máis ecolóxico e respectuoso co medio ambiente e coas persoas, e co fin de responder ao reto da innovación dixital e tecnolóxica, a UDC aspira a ser:

- Unha universidade xeradora de coñecemento útil e especializado, que dea resposta aos grandes retos económicos, sociais, medioambientais...nomeadamente os sinalados anteriormente: innovación dixital e tecnolóxica, a sustentabilidade ambiental e a capacidade de resiliencia.
- Unha universidade que pon ao servizo da sociedade e do tecido empresarial o seu liderado en innovación e desenvolvemento do coñecemento e da tecnoloxía no eido das TIC a que quere concretar través do desenvolvemento dun ecosistema de innovación entorno as TIC, nomeadamente a “Cidade das TIC”.
- Unha universidade que xere canles de participación solidaria e responsable, e se comprometa cun desenvolvemento sustentable, circular, de proximidade e de baixas emisións.
- Unha universidade achegada á sociedade, sensible ás distintas realidades persoais e culturais, que comprende a importancia do papel que está chamada a desempeñar como institución.
- Unha universidade que se compromete a ser un axente estratéxico que contribúa a mellorar a competitividade, a eficiencia, e a sustentabilidade da economía e dos sectores industriais estratéxicos e emerxentes de Galicia a través da formación de profesionais, da innovación e da proposta de novos coñecementos.
- Unha universidade comprometida co fomento dunha vida saudable dentro do concepto “one health”, que poidan axudar a unha mellor calidade de vida das persoas e o coidado do medio ambiente.

Así mesmo a UDC pretende ser:

- Unha institución docente que ofrezca unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras da nosa contorna mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións e polo proceso de dixitalización.

- Unha institución docente implicada, alén da formación integral das persoas, no desenvolvemento das competencias que melloren a empregabilidade do seu estudiantado nos ámbitos locais, estatais e internacionais.
- Unha universidade que combina a promoción dun coñecemento universal nas distintas ramas do saber cunha especialización baseada en capacidades singulares no eido da investigación e da transferencia.
- Unha universidade que fomenta a creación e desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica, aplicada e de excelencia que contribúan ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.
- Unha universidade recoñecida pola transferencia dos seus resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras para a posta en valor dos servizos técnicos e científicos de que dispón.
- Unha universidade socialmente responsable, inclusiva e que promove a igualdade de xénero e de oportunidades para combater as desigualdades, así como a discriminación ou diferentes formas de violencia por razón de sexo, clase social, orixe étnica ou racial, de orientación sexual, identidade de xénero ou diversidade funcional.
- Unha universidade cunha proxección internacional cada vez maior de todas as súas actividades docentes e investigadoras, na que a divulgación científica ocupe un espazo significativo como canle para devolver á sociedade o coñecemento que se xera.
- Unha universidade, que grazas á súa vocación internacional, actúa de ponte entre América Latina (ou Galiciamérica) e o resto do mundo.
- Unha organización dotada dun sistema de planificación estratéxica que favoreza a consecución dos seus obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da comunidade universitaria.
- Unha universidade que xestiona os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia, e que dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se complementa coa colaboración do sector privado.

3. Misión

O novo contexto descrito precisa reformular a misión xa atribuída a unha institución universitaria como é a súa capacidade docente, investigadora e de transferencia.

A Universidade da Coruña concibe a súa misión como un servizo público, galego e de calidade. Está orientada á consecución de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade grazas aos avances sociais, científicos e tecnolóxicos logrados, nun marco de valores éticos, humanos e profesionais de xeral aceptación.

A Universidade da Coruña ten como finalidade contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, xestión e difusión de cultura e

coñecemento científico, tecnolóxico e profesional así como da mellora da empregabilidade.

Forma parte da misión da Universidade da Coruña a formación dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática, cooperativa e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Son **funcións** da universidade ao servizo da sociedade:

- A creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos e artísticos.
- A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.

A UDC pretende afondar na creación e transmisión de coñecemento a través do desenvolvemento da especialización dentro dos ámbitos concretos dos seus campus (Industrial, Sustentabilidade, Innova) e dunha perspectiva integrada e multidisciplinar da docencia, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial da contorna e á sociedade.

Valores

A UDC, no cumprimento das súas finalidades propias, e como institución pública, rexerase polos seguintes valores e principios:

- O **compromiso con Galicia**, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos da protección e da transmisión dos valores culturais, tanto no ámbito artístico, patrimonial, arquitectónico, urbanístico, documental ou lingüístico.
- A **calidade** como meta e vontade de mellora continua na docencia ou actividade formativa, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.
- A **resiliencia** como actitude ante os retos e as dificultades que xorden. Trátase de manter unha actitude resiliente e proactiva baseada na intelixencia colectiva, o esforzo cooperativo e solidario e o pensamento creativo.
- A **responsabilidade social** da institución coa mellora activa do sistema socioeconómico do noso contorno e coa xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.



- A **igualdade de oportunidades** mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e así mesmo mediante a defensa ao acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura da non discriminación e da **inclusión**.
- A **sustentabilidade, a circularidade da economía, e o respecto do medio ambiente**, elementos fundamentais dunha universidade socialmente responsable no uso e na xestión dos recursos.
- A **participación activa** de todos e de cada un dos membros da comunidade universitaria no día a día da institución e nos procesos de toma de decisións.
- O **respecto á diversidade de ideas**, fomentar a tolerancia e o traballo colaborativo que permita crear unha universidade plural, na que se poidan integrar diferentes puntos de vistas e fomentar un espírito crítico.
- A **transparencia** como mecanismo de rendición de contas para xustificar as decisións tomadas na institución que propicien unha axeitada verificación das actuacións levadas a cabo e da posta en marcha de mecanismos e instrumentos que garantan a correcta aplicación dos recursos públicos.

A Coruña, 25 de novembro de 2021